




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Altas. Sector: Ría do Barqueiro. Concello: Mañón. Parroquia: Santa María de Mogor.
Extensión: 0,73km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Unidade dacabalo entre o interior do estuario e a ría aberta, as súas ribeiras son acantiladas pero, a parte ao abrigo da Punta do Santo, contén ao pé acumulacións intermareais procedentes do ambiente de estuario. O abrupto relevo resulta do antigo encaixamento fluvial do que participa a parte interna esteiro. Dominio granítico, con dúas fracturas ONO-ESE, prolongadas no Vicedo, que debuxan as dúas indentacións latexarais que configuran esta unidade.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A unidade queda incluída nun granito hercínico de dúas micas, ao que acompaña, no extremo meridional o dique de cuarzo de O Barqueiro e un pequeno lentellón de gneis "Oillo de Sapo" en facies "megacrístais".

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Ambiente climático Cálido e Seco no que a temperatura media anual supera os 14°C e a amplitude térmica media oscila entre os 12,5°C e os 13,5°C. En canto ás precipitacións hai que falar de máximos acumulados de 1000mm ao ano.

OS SOLOS

Na parte alta da unidade e nas pendentes máis acusadas localízanse os chans máis pobres e pouco profundos do tipo regosol. Pola súa banda, a vertente está formada principalmente por cambisols dístricos.


AS AUGAS

Unidade acantilada que presenta dúas vertentes costeiras ao norte e ao sur da Punta do Santo e nas que dada a súa morfoloxía non se desenvolve unha rede fluvial significativa. Ambas desaugan na masa de Augas Costeiras da Ría do Barqueiro (20162).

O PATRIMONIO NATURAL

Costa do ÍBA Punta Candieira-Ría de Ortigueira-Estaca de Bares. Sen figura de protección oficial. Aínda no ámbito da barra sedimentaria de O Barqueiro, aparecen hábitats costeiros relacionados co intermareal, é dicir, os bancos areosos e lamacentos intermareais e submareais (1110 e 1140). Ademais, pola súa condición de unidade acantilada, cobra importancia o hábitat 1230, "Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas".

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A diferenza das ladeiras occidentais da península de Bares, nas que a escasa intervención do home ao longo do tempo permitiu que as súas características naturais se mantefían practicamente inalteradas até o día de hoxe, na costa oriental, o soporte territorial alberga un uso forestal procedente de tarefas de repoboación. Nalgúns tramos, estreitas franxas de formacións vexetais costeiras interpoñense entre as plantacións forestais e o mar. O uso marisqueiro perdura aínda nos bancos areosos da Ría de Barqueiro.

MORFOLOXÍA

Saínte costeiro, de vertentes acantiladas, carente de asentamentos, a excepción do pequeno núcleo agrario de O Salto situado a media ladeira, e dalgunhas construcións recentes localizadas no bordo costeiro sur, sobre a zona de estuario.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrada AC-100 percorre a ladeira este do Monte Facho de Maeda a uns 150 metros sobre o nivel do mar, no seu traxecto entre O Barqueiro e Bares. O resto do ámbito, do mesmo xeito que ocorre en toda a costa este da península de Bares, estrutúrase mediante unha rede de camiños rurais tradicionais, que se combina con pistas forestais para permitir o acceso tanto ás antigas zonas de cultivo próximas á costa como ás partes repoboadas da ladeira do monte.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Non se identifican elementos de patrimonio cultural reseñables, aínda que si citar o faro de punta do Santo vinculado ao porto de O Barqueiro.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Trátase das ladeiras este e sur do estribo sudoriental do Monte Facho que estrutura a Península de Bares. Presenta un marcado carácter natural, xa que está cuberto integramente por vexetación, salvo as excepcións puntuais das escasas construcións citadas e marxinalmente pola estrada AC_100. O faro situado na Punta do Cabo sinala o saínte terrestre que supón esta unidade no marco da fachada occidental da Ría de Barqueiro.

DINÁMICA DA PAISAXE

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Forma parte da moi singular paisaxe da Península de Bares e fachada occidental da Ría de Barqueiro, por supor un dos fitos paisaxísticos de maior importancia de toda a costa de Galicia. Aos seus destacables valores naturais únese o feito de que a intervención antrópica foi moi limitada ao longo de toda a historia, o que permitiu que conserve en gran medida a súa integridade e valores orixinais. A Punta do Santo é considerada por si mesma como un Espazo de Interese Paisaxístico debido á súa situación avanzada na Ría de Barqueiro e as amplas panorámicas que dela é posible obter.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS



















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Non existen ámbitos de recualificación nesta unidade.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de identidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



